



# Hábitos de Consumo no Concello de Santiago



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellería de Promoción  
Económica e Comercio



# Hábitos de Consumo

no Concello de Santiago



<b>Equipa técnica</b>	<b>3</b>
<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
<b>2. HÁBITOS DE COMPRA</b>	<b>10</b>
2.1 Tipo de compra (forte/habitual)	10
2.2 Horario e tempo adicado á compra	19
2.3 Tipo de establecemento seleccionado	39
2.4 Forma de realizar a compra	43
<b>3. CARACTERIZACIÓN DA COMPRA POR TIPO DE PRODUTO</b>	<b>50</b>
3.1 Tipo de establecemento seleccionado	50
3.2 Localización	77
3.3 Medio de desprazamento	96
<b>4. VALORACIÓN DOS TIPOS DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS</b>	<b>101</b>
4.1 Aspectos favorables	101
4.2 Aspectos desfavorables	103
<b>5. FACTORES QUE DETERMINAN A ELECCIÓN DOS PRODUTOS</b>	<b>105</b>
5.1 Valoración dos produtos	105
<b>6. COMPRAS FÓRA DO CONCELLO</b>	<b>112</b>
<b>7. OUTRAS FORMAS DE VENDA</b>	<b>116</b>
7.1 Grado de coñecemento	117
7.1.1 Venda por catálogo	117
7.1.2 Venda por televisión	118
7.1.3 Venda por internet	119
7.2 Grado de utilización	122
7.2.1 Venda por catálogo	122
7.2.2 Venda por televisión	127
7.2.3 Venda por internet	128
<b>8. RECOMENDACIÓNS DA CLIENTELA CARA O COMERCIO</b>	<b>137</b>
<b>9. CAMBIOS NOS HÁBITOS DE COMPRA</b>	<b>139</b>
9.1 Horario e tempo adicado á compra	140
9.2 Tipo de establecemento seleccionado	142
9.3 Forma de realizar a compra	143
<b>10. CONCLUSIÓNS E DEFINICIÓN DO PERFIL DO CLIENTE TIPO</b>	<b>144</b>
<b>11. ANEXOS</b>	<b>151</b>
11.1 Ficha técnica do traballo de campo	151
11.2 Cuestionario	152



# Hábitos de Consumo

no Concello de Santiago



# Hábitos de Consumo

no Concello de Santiago

## **Equipa técnica**

O presente estudo ten sido realizado entre os meses de Xaneiro a Marzo de 2010 por Analiza, Técnicas de Investigación Social coa seguinte equipa técnica:

## **Dirección e coordinación:**

Pablo López Pérez

## **Análise e elaboración do informe:**

Verónica Rodríguez Ruzo, Raquel Sousa Teijeiro, M<sup>a</sup> del Carmen Carro Vázquez e Chema Arnaiz de las Revillas Martínez.

## **Traballo de campo:**

Carlos M. Abella Abella Vázquez, Arancha Ulloa Prat, Beatriz Otero Fernández, Ana Rivera Iglesias, Maria Alejos Pedre, Sila García Leira e Maite Seijo Bello.



# Hábitos de Consumo

no Concello de Santiago



## 1. INTRODUCCIÓN

No presente estudo analizaranse os hábitos de compra e consumo dos clientes dos establecementos do Concello de Santiago, tanto dende o punto de vista sociodemográfico como conductual e cultural (vantaxes buscadas nos produtos polos consumidores, os estilos de vida, intereses, opinións e comportamentos de merca), co obxectivo de dotar ao sector comercial dun coñecemento exhaustivo da súa clientela.

A análise dos hábitos de consumo da poboación compostelá realizarase en base ás seguintes variables sociodemográficas:


- \* Sexo
- \* Estrutura familiar
- \* Idade
- \* Número de persoas no fogar
- \* Situación profesional
- \* Nivel de estudos

Por unha banda, perséguese o obxectivo de identificar o mercado de referencia dos establecementos comerciais de Santiago de Compostela, e identificar os factores clave a controlar para consolidarse no mercado.

Cando se trata de consumidores é necesario afinar a definición das características do que mercan: idades, estilos de vida, comportamentos de compra, vantaxes buscadas, etc. co obxectivo de analizar a diversidade de necesidades ou brindar os servizos demandados.

Neste sentido, o comportamento do consumidor pódese entender como o proceso de decisión e actividade física que os individuos realizan cando avalían, adquiren, usan ou consumen bens ou servizos.

De xeito xeral, o proceso de compra que segue un consumidor tipo, pódese representar gráficamente a través dunha serie de etapas secuenciais que representan o proceso da toma de decisións na compra ou consumo:



Dependendo do tipo de merca as etapas do proceso de compra prodúcense de maneira máis ou menos complexa. Así, ante a necesidade de tomar unha decisión complexa as etapas se suceden de forma secuencial, mentres que no caso das compras baseadas no hábito ou inercia, o proceso e secuencias simplifícanse. Non entanto, no caso das compras por impulso primeiro realízase a compra e despois xustifícase a necesidade do produto ou servizo mercado.





# Hábitos de Consumo

no Concello de Santiago


Desta forma a aparición das novas fórmulas comerciais e os cambios nas necesidades dos consumidores, poden facer que este proceso de compra sexa diferente, polo que resulta imprescindible ter en conta estes cambios. Neste sentido, na actualidade, é preciso dotarse de información sobre:

- \* Que produtos ou servizos son demandados na actualidade.
- \* A que fórmulas comerciais acuden os consumidores en maior e menor medida.
- \* Quen toma a decisión no proceso de compra.

A análise de comportamento do consumidor debe permitir responder a:

- \* Quen compra?
- \* Que compra?
- \* Cando compra?
- \* Onde compra?
- \* Por que compra?
- \* Como compra?

Os factores que inflúen no comportamento do consumidor pódense resumir do seguinte xeito:



Polo tanto, débese ter en conta tamén, que un consumidor non toma a decisión de mercar sen máis, senón que existen numerosos factores que inflúen no seu comportamento:

\* Variables endóxeas (internas):

- Necesidades e motivos: necesidades básicas e superiores, innatas e adquiridas.
- Motivos económicos, culturais, emocionais, sociais, hábitos, costumes, etc.
- Personalidade: características psicolóxicas internas que determinan e reflexan a forma en que un individuo responde ao seu ambiente ou entorno.
- Aprendizaxe: coñecementos e experiencias previas.
- Actitudes: predisposicións aprendidas que impulsan ao individuo a comportarse dunha maneira favorable ou desfavorable en relación a un obxecto determinado.
- Percepción: proceso mediante o cal un individuo selecciona, organiza e interpreta os estímulos para formarse unha imaxe significativa e coherente do mundo.

\* Variables esóxeas (externas):

- Cultura: abarca coñecementos, artes, normas morais, leis, costumes, outras capacidades e hábitos que o home adquire por ser membro da sociedade e inflúe no seu comportamento.  
A subcultura é un grupo cultural distinguible que existe como un sector identificable dentro dunha sociedade máis grande e complexa. Os seus membros posúen crenzas, valores e costumes que os diferencian de outros membros da mesma sociedade. Exemplos: nacionalidade, raza, relixión, localización xeográfica, idade, sexo e a educación.
- Clases sociais: afectan aos valores básicos de pertenza a un grupo, a elección dun vecindario, o aprecio de certos estilos de vida e os lugares a onde se prefiren facer as compras. Os perfís de cada unha destas clases indican que as diferenzas socioeconómicas se reflexan en diferenzas de actitudes, en actividades de tempo libre e en hábitos de consumo.



# Hábitos de Consumo

no Concello de Santiago

Así os valores e a capacidade económica do consumidor tamén son dous aspectos fundamentais que inflúen na decisión de compra do tipo de produto ou servizo, do tipo de establecemento seleccionado e do importe.

Nos seguintes apartados levarase a cabo unha análise dos hábitos de compra e consumo dos cidadáns composteláns en base ás variables sociodemográficas e factores conductuais anteriormente expostos.



## 2. HÁBITOS DE COMPRA

### 2.1 Tipo de compra (forte/habitual)<sup>1</sup>

- ✓ A maioría dos habitantes do Concello de Santiago realizan as compras semanalmente, seguido daqueles que realizan as compras diariamente.
- ✓ A compra diaria é máis habitual entre os maiores de 65 anos, os fogares unipersoais, os enquisados dedicados ás labores do fogar e os xubilados.

A compra habitual defínese como aquela que realizan os consumidores con certa regularidade, cada día ou todos os días, e obedece a unha necesidade de satisfacer a demanda de productos alimentarios e do fogar de maneira rápida, práctica e próxima.

Pola contra, a compra forte é aquela que se realiz cunha frecuencia semanal ou superior, ademais de ser unha compra de carácter masivo e máis duradeira no tempo na previsión do cliente.

---

<sup>1</sup> Do total de enquisas realizadas no Concello de Santiago (401 enquisas), 128 foron a homes e 273 a mulleres, isto se debe a que durante a realización do traballo de campo a maioría dos homes enquisados afirmaron non realizar compras habitualmente polo que ditas enquisas se consideraron nulas.

Na análise global dos datos obtidos do traballo de campo no referente ao tipo de compras realizadas pola poboación residente en Santiago de Compostela, pódese observar que o 56,6% da mostra enquisada afirma realizar as compras maioritariamente con frecuencia semanal. Fronte a este dato cabe destacar que o 38,3% dos enquisados realizan as compras de xeito diario mentres que o 14,8% o fai quincenalmente.

<b>TIPO DE COMPRA(*)</b>		
	<b>Frec</b>	<b>%</b>
<b>Diaria</b>	153	38,3%
<b>Semanal</b>	226	56,6%
<b>Quincenal</b>	59	14,8%
<b>Mensual</b>	49	12,3%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>487</b>	

**Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores**

**(\*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple**

Facendo unha análise desagregada por sexos, cabe subliñar que non se aprecian diferenzas significativas, xa que máis do 50% dos enquisados de ambos sexos, realizan as compras semanalmente.

Neste caso só destacar que as mulleres teñen maior tendencia a realizar compras mensuais que os homes.

<b>TIPO DE COMPRA SEGUNDO SEXO (*)</b>				
	<b>HOME</b>		<b>MULLER</b>	
	Frec	%	Frec	%
<b>Diaria</b>	50	39,1%	103	37,7%
<b>Semanal</b>	72	56,3%	154	56,4%
<b>Quincenal</b>	21	16,4%	38	13,9%
<b>Mensual</b>	10	7,8%	39	14,3%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>153</b>		<b>334</b>	
<b>Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores</b>				
<b>(*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple</b>				

Examinado o tipo de compra segundo a estrutura familiar, cabe destacar que non se aprecian diferenzas significativas respecto ao tipo de compra realizado. Neste sentido, para case todas as categorías a compra semanal resulta a frecuencia de compra maioritaria, chegando ao 81,3% no caso dos fogares formados por unha persoa con fillos.

Porén, cabe destacar que a compra diaria é maioritaria entre as persoas que viven soas mentres que no caso dos consumidores pertencentes a un tipo de estrutura bixeracional, a mesma porcentaxe atinxe aos enquisados que mercan semanal e mensualmente (41,3 % en ambos casos).



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

	TIPO DE COMPRA SEGUNDO ESTRUCTURA FAMILIAR (*)											
	SÓ/SOA		MATRIMONIO OU PARELLA		MATRIMONIO CON FILLOS		BIXERACIONAL		SÓ/SOA CON FILLOS		OUTRO TIPO DE ESTRUCTURA	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Diaria	23	52,3%	30	42,9%	60	31,1%	26	41,3%	6	37,5%	6	50,0%
Semanal	19	43,2%	33	47,1%	128	66,3%	26	41,3%	13	81,3%	7	58,3%
Quincenal	5	11,4%	13	18,6%	17	8,8%	16	25,4%	4	25,0%	3	25,0%
Mensual	3	6,8%	8	11,4%	24	12,4%	14	22,2%	0	0,0%	0	0,0%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>84</b>		<b>229</b>		<b>82</b>		<b>23</b>		<b>16</b>	
<i>Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores</i>												
<i>(*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple</i>												



Se se realiza a mesma análise por grupos de idade, pódese apreciar que a única diferenza obsérvase no grupo de 65 anos en adiante, onde o 60,3% dos enquisados realizan as súas compras de forma diaria, mentres que os restantes grupos analizados realizan maioritariamente as compras de forma semanal.

TIPO DE COMPRA SEGUNDO IDADE(*)								
	DE 15 A 34 ANOS		DE 35 A 49 ANOS		DE 50 A 64 ANOS		DE 65 ANOS EN ADIANTE	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Diaria	21	21,4%	38	34,9%	56	42,7%	38	60,3%
Semanal	66	67,3%	72	66,1%	69	52,7%	19	30,2%
Quincenal	16	16,3%	16	14,7%	18	13,7%	9	14,3%
Mensual	10	10,2%	13	11,9%	16	12,2%	10	15,9%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>113</b>		<b>139</b>		<b>159</b>		<b>76</b>	
<i>Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores</i>								
<i>(*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple</i>								

Estudando o tipo de compra segundo o número de persoas do fogar, obsérvase que unicamente a estrutura familiar que ten unha persoa no fogar realiza as compras diariamente, mentres que pola contra, as outras unidades familiares seguen a tendencia xeral.

Así mesmo, cabe destacar que os fogares formados por máis de cinco persoas, rexistran unha maior tendencia a mercar mensualmente (22,2%).

TIPO DE COMPRA SEGUNDO Nº DE PERSOAS NO FOGAR (*)												
	UNHA		DÚAS		TRES		CATRO		CINCO		MÁIS DE CINCO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
<b>Diaria</b>	23	52,3%	41	45,1%	42	38,9%	28	29,5%	11	26,2%	6	33,3%
<b>Semanal</b>	19	43,2%	45	49,5%	63	58,3%	59	62,1%	31	73,8%	9	50,0%
<b>Quincenal</b>	5	11,4%	15	16,5%	11	10,2%	19	20,0%	5	11,9%	3	16,7%
<b>Mensual</b>	3	6,8%	10	11,0%	18	16,7%	9	9,5%	5	11,9%	4	22,2%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>111</b>		<b>134</b>		<b>115</b>		<b>52</b>		<b>22</b>	
<i>Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores</i>												
<i>(*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple</i>												

Na análise desagregada en función da situación profesional do consumidor, detéctase que na maioría das categorías analizadas se segue a tendencia global a mercar semanalmente. Porén as persoas dedicadas ás labores do fogar e os xubilados realizan maioritariamente as súas compras de xeito diario.

Así mesmo, entre os pensionistas a mesma porcentaxe atinxe aos que mercan semanal e diariamente.

	TIPO DE COMPRA SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL(*)									
	TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA		TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA		FUNCIONARIO/A		ESTUDANTE DE ENSINO SECUNDARIO		ESTUDANTE DE ENSINO UNIVERSITARIO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
<b>Diaria</b>	18	46,2%	30	26,8%	15	35,7%	2	11,1%	3	16,7%
<b>Semanal</b>	23	59,0%	73	65,2%	27	64,3%	6	33,3%	12	66,7%
<b>Quincenal</b>	4	10,3%	21	18,8%	1	2,4%	2	11,1%	2	11,1%
<b>Mensual</b>	2	5,1%	12	10,7%	5	11,9%	3	16,7%	2	11,1%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>47</b>		<b>136</b>		<b>48</b>		<b>13</b>		<b>19</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores*

*(\*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple*

	TIPO DE COMPRA SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL(*)							
	LABORES DO FOGAR		XUBILADO		PENSIONISTA		EN PARO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
<b>Diaria</b>	34	53,1%	32	59,3%	7	50,0%	11	23,9%
<b>Semanal</b>	30	46,9%	16	29,6%	7	50,0%	32	69,6%
<b>Quincenal</b>	9	14,1%	8	14,8%	4	28,6%	8	17,4%
<b>Mensual</b>	8	12,5%	11	20,4%	1	7,1%	5	10,9%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>81</b>		<b>67</b>		<b>19</b>		<b>56</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores*

*(\*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple*

No que se refire ao tipo de compra en función do nivel de estudos aínda que se segue a tendencia de comprar de forma semanal, as persoas enquisadas que teñen estudos universitarios medios rexistran unha maior tendencia cara as comprpas diarias.



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

TIPO DE COMPRA SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS (*)												
	NINGÚN		PRIMARIOS		SECUNDARIOS		FP CICLOS FORMATIVOS		UNIVERSITARIOS MEDIOS		UNIVERSITARIOS SUPERIORES	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Diaria	3	33,3%	41	39,8%	26	30,2%	14	34,1%	21	47,7%	46	39,7%
Semanal	4	44,4%	50	48,5%	52	60,5%	24	58,5%	20	45,5%	76	65,5%
Quincenal	2	22,2%	15	14,6%	17	19,8%	6	14,6%	5	11,4%	14	12,1%
Mensual	1	11,1%	20	19,4%	11	12,8%	5	12,2%	7	15,9%	4	3,4%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>		<b>126</b>		<b>106</b>		<b>49</b>		<b>53</b>		<b>140</b>	
<i>Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores</i>												
<i>(*) Porcentaxes verticais superiores ao 100 % por posibilidade de resposta múltiple</i>												



## 2.2 Horario e tempo adicado á compra

- ✓ A maioría dos consumidores enquisados afirman que lles é indiferente o día para realizar as compras habituais e as fortes, porén se existe certa tendencia a realizar as compras fortes cara o final da semana (venres ou sábado).
- ✓ O horario preferido para facer as compras habituais é de 11 a 14 horas, en contraposición ao horario preferido para facer as compras fortes que é de 17 a 20 horas.
- ✓ No referente ao tempo dedicado para facer as compras habituais é menor dunha hora, mentres que o dedicado ás compras fortes está entre unha a dúas horas.

### Día para realizar as compras habituais

Ante a pregunta de *Que día da semana prefiren para realizar as súas compras máis pequenas?*, o 82,4% dos consumidores enquisados afirma non ter un día preferido para facer estas compras.

DÍA PARA REALIZAR AS COMPRAS HABITUAIS		
	Frec	%
Luns	4	2,6%
Martes	8	5,2%
Mércores	4	2,6%
Xoves	1	0,7%
Venres	3	2,0%
Sábado	7	4,6%
Domingo	0	0,0%
Indiferente	126	82,4%
Ns/Nc	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>153</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

En canto ao análise desagregado en función das distintas variables sociodemográficas (sexo, estrutura, idade, etc) cabe destacar que non existen diferenzas significativas en canto a elas, xa que en todos os casos máis do 54% das persoas enquisadas afirman que lles é indiferente o día para realizar as compras habituais.

### Día preferido para realizar as compras fortes

No tocante ao día da semana destinado á realización das compras máis fortes, a análise dos datos globais indica que, a tendencia é non existe un día preferido para realizar estas compras, porén existe certa tendencia a realizar as compras ao final da semana. Así o 29% compra o sábado e o 15,9% o venres.

<b>DÍA PARA REALIZAR AS COMPRAS FORTES</b>		
	<b>Frec</b>	<b>%</b>
<b>Luns</b>	10	3,2%
<b>Martes</b>	5	1,6%
<b>Mércores</b>	2	0,6%
<b>Xoves</b>	12	3,8%
<b>Venres</b>	50	15,9%
<b>Sábado</b>	91	29,0%
<b>Domingo</b>	0	0,0%
<b>Indiferente</b>	144	45,9%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>314</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

Aínda que na maioría dos casos se segue a tendencia global, no sentido de que non existe un día preferido para facer as compras fortes, no caso de “Outra tipo de estrutura familiar” e os fogares con catro persoas, decántanse claramente polo sábado (50% e 39,2% respectivamente).



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

### DÍA PREFERIDO PARA AS COMPRAS FORTES SEGUNDO Nº DE PERSOAS NO FOGAR

	UNHA		DÚAS		TRES		CATRO		CINCO		MÁIS DE CINCO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Luns	1	4,0%	0	0,0%	4	4,6%	4	5,1%	1	2,6%	0	0,0%
Martes	0	0,0%	2	3,0%	1	1,1%	2	2,5%	0	0,0%	0	0,0%
Mércores	0	0,0%	1	1,5%	0	0,0%	0	0,0%	1	2,6%	0	0,0%
Xoves	0	0,0%	6	9,0%	3	3,4%	1	1,3%	1	2,6%	1	6,3%
Venres	6	24,0%	9	13,4%	13	14,9%	12	15,2%	7	17,9%	3	18,8%
Sábado	6	24,0%	16	23,9%	25	28,7%	31	39,2%	10	25,6%	3	18,8%
Domingo	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
Indiferente	12	48,0%	33	49,3%	41	47,1%	29	36,7%	19	48,7%	9	56,3%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>25</b>		<b>67</b>		<b>87</b>		<b>79</b>		<b>39</b>		<b>16</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores

### DÍA PREFERIDO PARA A COMPRA FORTE SEGUNDO ESTRUCTURA FAMILIAR

	SÓ/SOA		MATRIMONIO OU PARELLA		MATRIMONIO CON FILLOS		BIXERACIONAL		SÓ/SOA CON FILLOS		OUTRO TIPO DE ESTRUCTURA	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Luns	1	4,0%	0	0,0%	6	3,7%	3	5,9%	0	0,0%	0	0,0%
Martes	0	0,0%	1	2,0%	3	1,9%	0	0,0%	1	7,1%	0	0,0%
Mércores	0	0,0%	1	2,0%	1	0,6%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
Xoves	0	0,0%	5	9,8%	5	3,1%	1	2,0%	0	0,0%	1	10,0%
Venres	6	24,0%	7	13,7%	23	14,2%	10	19,6%	2	14,3%	2	20,0%
Sábado	6	24,0%	10	19,6%	54	33,3%	11	21,6%	5	35,7%	5	50,0%
Domingo	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
Indiferente	12	48,0%	27	52,9%	70	43,2%	26	51,0%	6	42,9%	2	20,0%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>25</b>		<b>51</b>		<b>162</b>		<b>51</b>		<b>14</b>		<b>10</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores



No referente ás demais variables, sexo, idade, profesión e nivel de estudos, non existen diferenzas significativas con respecto ao día preferido para realizar as compras fortes.

### Horario das compras habituais

Cabe destacar que o horario matinal é o preferido para realizar as compras. Así o 32% dos enquisados elixen o horario de 11 a 14 h, mentres que o 27,5% realiza estas compras ata as 11 da mañá. Por último cabe destacar que o 19% afirma non ter unha hora fixa para comprar.

<b>HORARIO COMPRA HABITUAL</b>		
	<b>Frec</b>	<b>%</b>
<b>Ata as 11 h.</b>	42	27,5%
<b>De 11 a 14 h.</b>	50	32,7%
<b>De 14 a 17 h.</b>	8	5,2%
<b>De 17 a 20 h.</b>	20	13,1%
<b>Despois das 20 h.</b>	4	2,6%
<b>Sen hora fixa</b>	29	19,0%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>153</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

Na análise desagregada segundo sexo, obsérvase que a orde de preferencias para os homes e para as mulleres é distinta, así aínda que en ambos casos se prefire a mañá, o 38% dos homes enquisados prefiren facer estas compras entre as 11 a 14h, mentres que as mulleres prefiren realizalas antes das 11 horas. Por último, cabe destacar que unha porcentaxe considerable de homes enquisados rexistran certa tendencia a realizar as compras habituais pola tarde, de 17 a 20 horas.

<b>HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA HABITUAL SEGUNDO SEXO</b>				
	<b>HOME</b>		<b>MULLER</b>	
	Frec	%	Frec	%
<b>Ata as 11 h.</b>	10	20,0%	32	31,1%
<b>De 11 a 14 h.</b>	19	38,0%	31	30,1%
<b>De 14 a 17 h.</b>	2	4,0%	6	5,8%
<b>De 17 a 20 h.</b>	11	22,0%	9	8,7%
<b>Despois das 20 h.</b>	2	4,0%	2	1,9%
<b>Sen hora fixa</b>	6	12,0%	23	22,3%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>103</b>	

**Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores**

Na análise desagregada segundo os grupos de idade, cabe destacar que salvo para os enquisados de entre 35 a 49 anos de idade, que prefiren mercar antes das 11 da mañá, para o resto das categorías existe unha tendencia xeralizada a mercar de 11 a 14 horas.

Por outro lado, os enquisados situados no tramo de idade entre os 15 e os 34 anos son os que rexistran a maior tendencia a comprar pola tarde (de 17 a 20 horas).

	<b>HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA HABITUAL SEGUNDO IDADE</b>							
	<b>DE 15 A 34 ANOS</b>		<b>DE 35 A 49 ANOS</b>		<b>DE 50 A 64 ANOS</b>		<b>DE 65 ANOS EN ADIANTE</b>	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
<b>Ata as 11 h.</b>	4	19,0%	15	39,5%	12	21,4%	11	28,9%
<b>De 11 a 14 h.</b>	6	28,6%	8	21,1%	21	37,5%	15	39,5%
<b>De 14 a 17 h.</b>	3	14,3%	2	5,3%	2	3,6%	1	2,6%
<b>De 17 a 20 h.</b>	4	19,0%	5	13,2%	9	16,1%	2	5,3%
<b>Despois das 20 h.</b>	2	9,5%	2	5,3%	0	0,0%	0	0,0%
<b>Sen hora fixa</b>	2	9,5%	6	15,8%	12	21,4%	9	23,7%
<b>Ns/Nc</b>	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>21</b>		<b>38</b>		<b>56</b>		<b>38</b>	

**Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores**

Na análise do horario preferido para as compras habituais segundo o tipo de estrutura familiar, séguese a tendencia xeral de realizar este tipo de compras preferiblemente en horario de 11 a 14 horas, destacando en maior medida as persoas que viven soas con fillos ( 66,7%). Só os matrimonios con fillos e as familias bixeracionais rexistran unha maior tendencia cara as compras antes das 11 da mañá.

Por último cabe subliñar que as compras pola tarde se realizan en maior medida polas familias bixeracionais (o 19,2% realiza as compras de 17 a 20 h).

## HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA HABITUAL SEGUNDO ESTRUCTURA FAMILIAR

	SÓ/SOA		MATRIMONIO OU PARELLA		MATRIMONIO CON FILLOS		BIXERACIONAL		SÓ/SOA CON FILLOS		OUTRO TIPO DE ESTRUCTURA	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	3	13,0%	9	30,0%	19	31,7%	8	30,8%	1	16,7%	0	0,0%
De 11 a 14 h.	9	39,1%	12	40,0%	16	26,7%	7	26,9%	4	66,7%	2	33,3%
De 14 a 17 h.	1	4,3%	2	6,7%	2	3,3%	3	11,5%	0	0,0%	0	0,0%
De 17 a 20 h.	4	17,4%	1	3,3%	8	13,3%	5	19,2%	0	0,0%	2	33,3%
Despois das 20 h.	0	0,0%	0	0,0%	3	5,0%	0	0,0%	1	16,7%	0	0,0%
Sen hora fixa	6	26,1%	6	20,0%	12	20,0%	3	11,5%	0	0,0%	2	33,3%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>23</b>		<b>30</b>		<b>60</b>		<b>26</b>		<b>6</b>		<b>6</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

No que se refire á análise do horario preferido de compra, so cabe destacar que as persoas dedicadas ás labores do fogar, as persoas en paro e os xubilados son os que rexistran a maior tendencia a cara as compras matutinas, principalmente entre as 11 e as 14 horas (máis do 40 % en todos os casos).

HORARIO PREFERIDO PARA AS COMPRAS HABITUAIS SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL												
	TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA				TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA		FUNCIONARIO/A		ESTUDANTE DE ENSINO SECUNDARIO		ESTUDANTE DE ENSINO UNIVERSITARIO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%		
	Ata as 11 h.	4	22,2%	8	26,7%	3	20,0%	0	0,0%	1	33,3%	
De 11 a 14 h.	4	22,2%	6	20,0%	4	26,7%	0	0,0%	1	33,3%		
De 14 a 17 h.	2	11,1%	1	3,3%	3	20,0%	1	50,0%	0	0,0%		
De 17 a 20 h.	4	22,2%	6	20,0%	4	26,7%	0	0,0%	1	33,3%		
Despois das 20 h.	2	11,1%	1	3,3%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%		
Sen hora fixa	2	11,1%	8	26,7%	1	6,7%	1	50,0%	0	0,0%		
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%		
<b>TOTAL</b>	<b>18</b>		<b>30</b>		<b>15</b>		<b>2</b>		<b>3</b>			

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

HORARIO PREFERIDO PARA AS COMPRAS HABITUAIS SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL								
	LABORES DO FOGAR		XUBILADO		PENSIONISTA		EN PARO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	13	38,2%	8	25,0%	2	28,6%	3	27,3%
De 11 a 14 h.	14	41,2%	13	40,6%	2	28,6%	5	45,5%
De 14 a 17 h.	1	2,9%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
De 17 a 20 h.	1	2,9%	2	6,3%	0	0,0%	2	18,2%
Despois das 20 h.	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	9,1%
Sen hora fixa	5	14,7%	9	28,1%	3	42,9%	0	0,0%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>34</b>		<b>32</b>		<b>7</b>		<b>11</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*



# Hábitos de Consumo

no Concello de Santiago

A variable nivel de estudos no parece ser relevante á hora de determinar o horario para realizar as compras habituais, porén cabe destacar que os universitarios (tanto medios como superiores), son os que rexistran as maiores porcentaxes de mercas pola tarde (máis do 20 % mercan de 17 a 20 horas).

	HORARIO PREFERIDO PARA AS COMPRAS HABITUAIS SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS											
	NINGÚN		PRIMARIOS		SECUNDARIOS		FP CICLOS FORMATIVOS		UNIVERSITARIOS MEDIOS		UNIVERSITARIOS SUPERIORES	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	0	0,0%	15	36,6%	9	34,6%	3	21,4%	6	28,6%	8	17,4%
De 11 a 14 h.	1	33,3%	13	31,7%	12	46,2%	6	42,9%	4	19,0%	14	30,4%
De 14 a 17 h.	0	0,0%	0	0,0%	1	3,8%	0	0,0%	3	14,3%	4	8,7%
De 17 a 20 h.	0	0,0%	3	7,3%	1	3,8%	1	7,1%	5	23,8%	10	21,7%
Despois das 20 h.	0	0,0%	1	2,4%	0	0,0%	1	7,1%	0	0,0%	2	4,3%
Sen hora fixa	2	66,7%	9	22,0%	3	11,5%	3	21,4%	3	14,3%	8	17,4%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>		<b>41</b>		<b>26</b>		<b>14</b>		<b>21</b>		<b>46</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores*

## Horario das compras fortes

No que se refire ao horario preferido para facer as compras fortes existe unha diferenza significativa co horario para facer as compras habituais, xa que o 32,2% dos enquisados afirman preferir facelo de 17 a 20 horas, seguido por un 24,8% que o prefiren de 11 a 14 horas, e finalmente do 17,8% que non afirman ter hora fixa.

HORARIO COMPRA FORTE		
	Frec	%
Ata as 11 h.	48	15,3%
De 11 a 14 h.	78	24,8%
De 14 a 17 h.	15	4,8%
De 17 a 20 h.	101	32,2%
Despois das 20 h.	16	5,1%
Sen hora fixa	56	17,8%
Ns/Nc	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>314</b>	

**Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores**

Para case todos os tipos de fogar, o horario elixido para facer as compras fortes sitúase entre as 17 e as 20 horas, chegando ao 50% no caso dos fogares con outro tipo de estrutura. A excepción a esta tendencia xeral ven marcada polos, fogares unipersoais e as persoas soas con fillos, onde o horario habitual se sitúa entre as 11 a as 14 horas rexistrando as porcentaxes máis elevadas. Porén, cabe destacar que para este último tipo de estrutura o 35,7% dos enquisados afirman non ter un horario fixo para as compras fortes.



HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA FORTE SEGUNDO ESTRUCTURA FAMILIAR												
	SÓ/SOA		MATRIMONIO OU PARELLA		MATRIMONIO CON FILLOS		BIXERACIONAL		SÓ/SOA CON FILLOS		OUTRO TIPO DE ESTRUCTURA	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	4	16,0%	7	13,7%	25	15,4%	8	15,7%	3	21,4%	1	10,0%
De 11 a 14 h.	10	40,0%	10	19,6%	39	24,1%	12	23,5%	4	28,6%	3	30,0%
De 14 a 17 h.	1	4,0%	1	2,0%	11	6,8%	2	3,9%	0	0,0%	0	0,0%
De 17 a 20 h.	6	24,0%	13	25,5%	56	34,6%	19	37,3%	2	14,3%	5	50,0%
Despois das 20 h.	2	8,0%	6	11,8%	6	3,7%	2	3,9%	0	0,0%	0	0,0%
Sen hora fixa	2	8,0%	14	27,5%	25	15,4%	8	15,7%	5	35,7%	1	10,0%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>25</b>		<b>51</b>		<b>162</b>		<b>51</b>		<b>14</b>		<b>10</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores

Na análise desagregada do horario preferido para as compras fortes segundo idade, cabe destacar que a única desviación significativa respecto aos datos globais se sitúa entre os maiores de 65 anos, que rexistran unha maior tendencia a facer as compras pola mañá.

HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA FORTE SEGUNDO IDADE								
	DE 15 A 34 ANOS		DE 35 A 49 ANOS		DE 50 A 64 ANOS		DE 65 ANOS EN ADIANTE	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	9	10,5%	13	14,1%	15	15,2%	11	29,7%
De 11 a 14 h.	18	20,9%	18	19,6%	31	31,3%	11	29,7%
De 14 a 17 h.	8	9,3%	4	4,3%	2	2,0%	1	2,7%
De 17 a 20 h.	30	34,9%	34	37,0%	32	32,3%	5	13,5%
Despois das 20 h.	8	9,3%	6	6,5%	2	2,0%	0	0,0%
Sen hora fixa	13	15,1%	17	18,5%	17	17,2%	9	24,3%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>86</b>		<b>92</b>		<b>99</b>		<b>37</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

En canto ao estudo en función do número de persoas no fogar, cabe destacar que, o 40% dos fogares unipersoais prefiren realizar as súas compras fortes de 11 a 14 horas, mentres que os enquisados situados nas restantes categorías manteñen a mesma tendencia que se observaba nos datos globais.



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

### HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA FORTE SEGUNDO Nº DE PERSOAS NO FOGAR

	UNHA		DÚAS		TRES		CATRO		CINCO		MÁIS DE CINCO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	4	16,0%	8	11,9%	14	16,1%	13	16,5%	6	15,4%	3	18,8%
De 11 a 14 h.	10	40,0%	15	22,4%	23	26,4%	21	26,6%	9	23,1%	0	0,0%
De 14 a 17 h.	1	4,0%	2	3,0%	5	5,7%	2	2,5%	2	5,1%	3	18,8%
De 17 a 20 h.	6	24,0%	19	28,4%	29	33,3%	26	32,9%	14	35,9%	7	43,8%
Despois das 20 h.	2	8,0%	6	9,0%	1	1,1%	3	3,8%	4	10,3%	0	0,0%
Sen hora fixa	2	8,0%	17	25,4%	15	17,2%	14	17,7%	4	10,3%	3	18,8%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>25</b>		<b>67</b>		<b>87</b>		<b>79</b>		<b>39</b>		<b>16</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

Aínda que se segue a tendencia xeral na análise da situación profesional permítese apreciar que, os xubilados, os pensionistas e as persoas dedicadas ás labores do fogar prefiren facer as compras fortes en horario de mañá.

### HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA FORTE SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL

	TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA				TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA		FUNCIONARIO/A		ESTUDANTE DE ENSINO SECUNDARIO		ESTUDANTE DE ENSINO UNIVERSITARIO	
	Frec		%		Frec		%		Frec		%	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%		
Ata as 11 h.	3	10,7%	11	11,3%	3	9,4%	0	0,0%	1	6,3%		
De 11 a 14 h.	4	14,3%	24	24,7%	6	18,8%	2	20,0%	4	25,0%		
De 14 a 17 h.	2	7,1%	5	5,2%	3	9,4%	0	0,0%	1	6,3%		
De 17 a 20 h.	12	42,9%	33	34,0%	15	46,9%	5	50,0%	5	31,3%		
Despois das 20 h.	2	7,1%	8	8,2%	1	3,1%	2	20,0%	1	6,3%		
Sen hora fixa	5	17,9%	16	16,5%	4	12,5%	1	10,0%	4	25,0%		
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%		
<b>TOTAL</b>	<b>28</b>		<b>97</b>		<b>32</b>		<b>10</b>		<b>16</b>			

Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores

### HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA FORTE SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL

	LABORES DO FOGAR		XUBILADO		PENSIONISTA		EN PARO	
	Frec		%		Frec		%	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	12	26,7%	7	20,6%	5	45,5%	6	14,6%
De 11 a 14 h.	16	35,6%	11	32,4%	4	36,4%	7	17,1%
De 14 a 17 h.	1	2,2%	1	2,9%	0	0,0%	2	4,9%
De 17 a 20 h.	9	20,0%	7	20,6%	1	9,1%	14	34,1%
Despois das 20 h.	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	2	4,9%
Sen hora fixa	7	15,6%	8	23,5%	1	9,1%	10	24,4%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>		<b>34</b>		<b>11</b>		<b>41</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

As compras pola tarde realízanse en maior medida entre aqueles estudantes universitarios, tanto medios como superiores, superando o 40% dos enquisados que afirman realizar as compras fortes de 17 a 20 horas.

Por outro lado os enquisados que afirman non ter estudos, rexistran unha maior tendencia cara as compras pola mañá.

Nas restantes categorías segundo nivel de estudos as preferencias repártense case equitativamente entre o horario de 11 a 14 horas e o de 17 a 20 horas.

HORARIO PREFERIDO PARA A COMPRA FORTE SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS												
	NINGÚN		PRIMARIOS		SECUNDARIOS		FP CICLOS FORMATIVOS		UNIVERSITARIOS MEDIOS		UNIVERSITARIOS SUPERIORES	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Ata as 11 h.	2	33,3%	20	25,0%	10	14,1%	6	17,6%	4	12,5%	6	6,7%
De 11 a 14 h.	2	33,3%	18	22,5%	18	25,4%	9	26,5%	8	25,0%	23	25,6%
De 14 a 17 h.	0	0,0%	2	2,5%	4	5,6%	3	8,8%	1	3,1%	5	5,6%
De 17 a 20 h.	1	16,7%	21	26,3%	18	25,4%	10	29,4%	13	40,6%	38	42,2%
Despois das 20 h.	0	0,0%	1	1,3%	6	8,5%	1	2,9%	2	6,3%	6	6,7%
Sen hora fixa	1	16,7%	18	22,5%	15	21,1%	5	14,7%	4	12,5%	12	13,3%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>		<b>80</b>		<b>71</b>		<b>34</b>		<b>32</b>		<b>90</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores

## Tempo dedicado ás compras habituais

Ao analizar o tempo dedicado ás compras habituais detéctase que o 77,1% dos enquisados afirman empregar menos dunha hora para realizar estas compras, seguido polo 20,9% que dedican entre 1 e 2 horas.

TEMPO COMPRA HABITUAL		
	Frec	%
Menos dunha hora	118	77,1%
De 1 a 2 horas	32	20,9%
De 2 a 3 horas	1	0,7%
Máis de 3 horas	0	0,0%
Ns/Nc	2	1,3%
<b>TOTAL</b>	<b>153</b>	
<i>Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores</i>		

No referente ás distintas variables sociodemográficas, en todos os casos a maior porcentaxe atinxe aos enquisados que dedican menos dunha hora para realizar a compra habitual.

## Tempo dedicado ás compras fortes

A diferenza das compras habituais na análise desta variable, apreciase que o 63,4% das persoas enquisadas afirman dedicar ás compras fortes de 1 a 2 horas, mentres que o 32,8% realizaas en menos de 1 hora.

TEMPO COMPRA FORTE		
	Frec	%
Menos dunha hora	103	32,8%
De 1 a 2 horas	199	63,4%
De 2 a 3 horas	12	3,8%
Máis de 3 horas	0	0,0%
Ns/Nc	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>314</b>	
<i>Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores</i>		

Por último cabe subliñar que na análise desagregada das restantes variables sociodemográficas non se aprecian diferenzas significativas no que respecta ao tempo dedicado ás compras fortes. Neste sentido só cabe destacar que, os enquisados que menos tempo dedican son os que pertencen a fogares unipersoais e ou familias de máis de 5 membros (48% e 56,3%) que dedican menos dunha hora.





## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

### TEMPO ADICADO Á COMPRA FORTE SEGUNDO Nº DE PERSOAS NO FOGAR

	UNHA		DÚAS		TRES		CATRO		CINCO		MÁIS DE CINCO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Menos dunha hora	12	48,0%	24	35,8%	30	34,5%	18	22,8%	10	25,6%	9	56,3%
De 1 a 2 horas	12	48,0%	43	64,2%	55	63,2%	58	73,4%	26	66,7%	4	25,0%
De 2 a 3 horas	1	4,0%	0	0,0%	2	2,3%	3	3,8%	3	7,7%	3	18,8%
Máis de 3 horas	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>25</b>		<b>67</b>		<b>87</b>		<b>79</b>		<b>39</b>		<b>16</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores

## 2.3 Tipo de establecemento seleccionado

✓ A maioría dos consumidores enquisados afirman que a tipoloxía comercial elixida para facer todas as compras fortes e as habituais, son os supermercados e as cadeas de tendas, porén nas compras fortes rexístrase certa tendencia ás mercas en hipermercados/grandes superficies.

### Tipo de establecemento seleccionado para as compras habituais

En canto ao establecemento comercial seleccionado polos consumidores para realizar as súas compras habituais o 57,5% dos consumidores enquisados decántanse polos supermercados/cadeas de tendas. En segundo lugar, aínda que a certa distancia nas preferencias sitúanse as tendas tradicionais, que son o establecemento comercial elixido polo 19,6% dos enquisados. O 7,2% dos consumidores entrevistados prefiren realizar as súas compras en hipermercado/grande superficie e un 6,5% en mercado de abastos.

TIPO DE ESTABLECIMENTO COMPRA HABITUAL		
	Frec	%
Tenda tradicional	30	19,6%
Mercado de abastos	10	6,5%
Supermercado/Cadea de tendas	88	57,5%
Hipermercado/Grande superficie	11	7,2%
Centro Comercial	5	3,3%
Outros	8	5,2%
Ns/Nc	1	0,7%
<b>TOTAL</b>	<b>153</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

Segundo a idade da persoa enquisada, o tipo de establecemento seleccionado para a compra habitual é en todos os casos o supermercado/cadea de tendas. Pódese apreciar que os consumidores de máis de 50 anos son os que rexistran as maiores porcentaxes de compras en mercados de abastos (máis do 7%) .

Subliñar que os enquisados de 15 a 34 anos son os que máis acoden a facer a compra aos hipermercadoa/grandes superficies.

	TIPO DE ESTABLECIMENTO SELECCIONADO NA COMPRA HABITUAL SEGUNDO IDADE							
	DE 15 A 34 ANOS		DE 35 A 49 ANOS		DE 50 A 64 ANOS		DE 65 ANOS EN ADIANTE	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Tenda tradicional	4	19,0%	8	21,1%	11	19,6%	7	18,4%
Mercado de abastos	1	4,8%	2	5,3%	4	7,1%	3	7,9%
Supermercado/Cadea de tendas	11	52,4%	26	68,4%	31	55,4%	20	52,6%
Hipermercado/Grande superficie	3	14,3%	1	2,6%	5	8,9%	2	5,3%
Centro Comercial	0	0,0%	0	0,0%	2	3,6%	3	7,9%
Outros	2	9,5%	1	2,6%	3	5,4%	2	5,3%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	1	2,6%
<b>TOTAL</b>	<b>21</b>		<b>38</b>		<b>56</b>		<b>38</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

No referente a análise segundo nivel de estudos, cabe destacar que a tendencia xeral para todos os niveis de estudos é mercar nos supermercados/cadeas de tendas, as persoas que rexistran maiores porcentaxes na compra en tendas tradicionais son as que teñen estudos secundarios e ciclos formativos.

Neste sentido só cabe apuntar que os universitarios medios acoden máis a mercados de abastos.



## Hábitos de Consumo no Concello de Santiago

	NINGÚN		PRIMARIOS		SECUNDARIOS		FP CICLOS FORMATIVOS		UNIVERSITARIOS MEDIOS		UNIVERSITARIOS SUPERIORES	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Tenda tradicional	0	0,0%	6	14,6%	8	30,8%	4	28,6%	3	14,3%	8	17,4%
Mercado de abastos	0	0,0%	3	7,3%	2	7,7%	0	0,0%	2	9,5%	3	6,5%
Supermercado/Cadea de tendas	2	66,7%	24	58,5%	12	46,2%	7	50,0%	14	66,7%	28	60,9%
Hipermercado/Grande superficie	1	33,3%	3	7,3%	1	3,8%	1	7,1%	1	4,8%	4	8,7%
Centro Comercial	0	0,0%	1	2,4%	1	3,8%	1	7,1%	1	4,8%	1	2,2%
Outros	0	0,0%	3	7,3%	2	7,7%	1	7,1%	0	0,0%	2	4,3%
Ns/Nc	0	0,0%	1	2,4%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>		<b>41</b>		<b>26</b>		<b>14</b>		<b>21</b>		<b>46</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores*

No que respecta as restantes variables sociodemográficas (sexo, estrutura, persoas e situación profesional), non existen diferenzas significativas no que respecta ao tipo de establecemento seleccionado para a compra habitual.

### Tipo de establecemento seleccionado para as compras fortes

No caso do establecemento elixido para realizar as compras fortes apreciase que o 53,2% afirma realizar as súas compras no supermercado/cadea de tendas, mentres que o 29,6% faíno en hipermercado/grande superficie.

TIPO ESTABLECIMENTO COMPRA FORTE		
	Frec	%
Tenda tradicional	6	1,9%
Mercado de abastos	6	1,9%
Supermercado/Cadea de tendas	167	53,2%
Hipermercado/Grande superficie	93	29,6%
Centro Comercial	16	5,1%
Outros	26	8,3%
Ns/Nc	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>314</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

A análise do tipo de establecemento elixido para realizar as compras fortes, segundo as variables sociodemográficas consideradas, non presenta diferenzas relevantes respecto aos datos agregados, xa que en todos os casos este tipo de compras se realizan en maior medida no supermercado/cadea de tendas.



## 2.4 Forma de realizar a compra

No seguinte apartado analízase a forma de realizar as compras habituais e fortes, dos consumidores do concello de Santiago, para coñecer con quen soen ir acompañados para facer ditas compras.

✓ A maioría das persoas enquisadas afirman realizar as compras sos, tanto as habituais como as fortes.

### Forma de realizar as compras habituais

A análise dos datos globais amosan que, o 81% dos cidadáns enquisados afirman realizar as compras sos, seguido polo 13,7% que o fan en parella.

FORMA REALIZAR A COMPRA HABITUAL		
	Frec	%
Só/Soa	124	81,0%
En parella	21	13,7%
Cos/as fillos/as	1	0,7%
O grupo familiar	6	3,9%
Amigos	0	0,0%
Outros	1	0,7%
Ns/Nc	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>153</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*

Polo que respecta ao resto das variables sociodemográficas analizadas non se resaltan diferenzas destacables no referente á forma de realizar a compra.

Unicamente se pode destacar o estudo segundo a situación profesional, onde o 66,7% dos estudantes de ensino universitario analizados afirman realizar a compra habitual en grupos, e o 33,3% faino en parella.

FORMA DE REALIZAR A COMPRA HABITUAL SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL										
	TRABALLADOR/A POR CONTA PROPIA		TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA		FUNCIONARIO/A		ESTUDANTE DE ENSINO SECUNDARIO		ESTUDANTE DE ENSINO UNIVERSITARIO	
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%
Só/Soa	16	88,9%	25	83,3%	13	86,7%	2	100,0%	0	0,0%
En parella	0	0,0%	3	10,0%	2	13,3%	0	0,0%	1	33,3%
Cos/as fillos/as	1	5,6%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
O grupo familiar	1	5,6%	2	6,7%	0	0,0%	0	0,0%	2	66,7%
Amigos	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
Outros	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>18</b>		<b>30</b>		<b>15</b>		<b>2</b>		<b>3</b>	

Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores

FORMA DE REALIZAR A COMPRA HABITUAL SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL									
	LABORES DO FOGAR		XUBILADO		PENSIONISTA		EN PARO		
	Frec	%	Frec	%	Frec	%	Frec	%	
Só/Soa	27	79,4%	25	78,1%	7	100,0%	8	72,7%	
En parella	6	17,6%	6	18,8%	0	0,0%	3	27,3%	
Cos/as fillos/as	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	
O grupo familiar	1	2,9%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	
Amigos	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	
Outros	0	0,0%	1	3,1%	0	0,0%	0	0,0%	
Ns/Nc	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	
<b>TOTAL</b>	<b>34</b>		<b>32</b>		<b>7</b>		<b>11</b>		

Fonte: Elaboración propia mediante encuesta a consumidores



## Forma de realizar as compras fortes

As tendencias neste punto difiren sensiblemente respecto dos resultados obtidos no caso das compras habituais. Así aínda que o 47,8 % dos enquisados afirma realizar as compras sos, existe unha maior propensión cara as compras en parella ou en grupo (20,9 % e 15,3 % dos enquisados respectivamente).

FORMA DE REALIZAR A COMPRA FORTE		
	Frec	%
Só/Soa	150	47,8%
En parella	91	29,0%
Cos/as fillos/as	13	4,1%
O grupo familiar	48	15,3%
Amigos	4	1,3%
Outros	3	1,0%
Ns/Nc	5	1,6%
<b>TOTAL</b>	<b>314</b>	

*Fonte: Elaboración propia mediante enquisa a consumidores*



